Los trabajadores de Vigo plantan cara a los vendeobreros [ESP/GAL]

En el pasado 1 de mayo, jornada en el que los trabajadores recordamos que lo único que podemos perder son nuestras cadenas, se han sucedido diversas movilizaciones alrededor del Estado español. A pesar de todos los inconvenientes consecuencia de la situación de pandemia y del estado de alarma, el PCOE asistió a cada una de ellas, como no puede ser de otra forma, reivindicando a la clase obrera como sujeto revolucionario, a diferencia de otras organizaciones que entienden el Día Internacional de los Trabajadores como una festividad.

Naturalmente, nuestra presencia sólo puede ir acorde a nuestros principios, por lo que hemos rechazado tajantemente secundar las convocatorias de los sindicatos vendeobreros como CCOO y UGT, que nada bueno auguran para nuestra clase. Y así se demostró, por enésima vez, en Vigo.

El 19 de octubre de 2018, publicábamos un comunicado titulado *Los despidos de Alcoa o como beneficiarse de las desgracias ajenas* que rezaba lo siguiente:

«Por último, y no por ello menos importante, no podríamos olvidar en este desfile de vergüenza, manipuladores y vendeobreros a los sindicatos del régimen: Comisiones Obreras y Unión General de Trabajadores. Desde el PCOE no nos hemos cansado, ni nos cansaremos, de denunciar las políticas y artimañas antiobreras que estos dos sindicatos han practicado desde los centros de trabajo para engañar al trabajador y alejarlo tanto del sindicalismo como de la conciencia de

clase. Nosotros no nos olvidamos de los Pactos de la Moncloa, de cómo evitan el derogar las continuas reformas laborales y, por mencionar un caso más reciente, de cómo han traicionado y vendido a los trabajadores del sector de las TIC, firmando un convenio que expone totalmente a la clase trabajadora para su despiece. No puede existir, de ninguna forma, sindicalismo de clase bajo el yugo de CCOO y UGT.»

Pues bien, hemos de decir que como revolucionarios que somos, nuestros militantes en la medida de lo posible han asistido desde entonces a todas las movilizaciones sobre Alcoa convocadas de CCOO y UGT para llevar este discurso al pueblo trabajador. Aunque contándolo no sorprendamos a nadie, hemos de decir que por esta actitud hemos llegado a ser amenazados por los propios delegados de Alcoa, acusándonos de querer romper la unidad.

Hoy día conocemos que CCOO y UGT han firmado, una vez más, un convenio del metal absolutamente lamentable para favorecer a la patronal, lo cual llevó a varias decenas de trabajadores a manifestarse en contra de los sindicatos amarillos el 1 de mayo en Vigo. Así que por mucho cuento y fuegos artificiales que hagan, el carácter vendeobrero de estos sindicatos sale siempre a la luz, de forma que las movilizaciones que hagan en diferentes empresas sólo se puede explicar en términos económicos, es decir: la pérdida de delegados sindicales y, consecuentemente, la pérdida de subvención estatal.

Más allá de eso, seríamos unos necios si viésemos sólo el problema en la patronal y en CCOO y UGT, valga la redundancia. En el capitalismo es tan culpable el que calla como el que otorga.

Es de justicia proletaria señalar que sindicatos como la CIG,

a pesar de no haber firmado el convenio, han presentado unidad con los oportunistas, animando a los obreros a confiar en el propio capital. De la misma forma, han desconvocado la huelga del 22 de abril en favor de la negociación, desmovilizando así al proletariado.

Es también tarea de los comunistas señalar la actitud oportunista que ha tenido el Partido Comunista de los Trabajadores de España (PCTE), cuyos militantes en Galicia se han mofado todo lo que han querido de nuestra actividad en dichas manifestaciones. Hoy son ellos los que escriben un comunicado en términos absolutamente lamentables, como si no formasen parte de ese juego para engañar y embaucar a la clase obrera.

Partido Comunista dos Traballadores da Galiza

COMUNICADO

pcte.es

Valoración do acordo asinado coa patronal do metal de Pontevedra.

O Partido Comunista dos Traballadores da Galiza valora negativamente o acordo pactado para o Convenio Provincial do Metal de Pontevedra entre a patronal do sector e os sindicatos CCOO e UGT.

Somos conscientes de que a clase obreira no sector do metal de Pontevedra que abrangue máis de 20 mil traballadores da provincia, non está no seu mellor momento en canto a capacidade de mobilización, combatividade e organización de clase. Esa é unha realidade que a patronal coñece e aproveita.

A desfeita do sector naval significou a perda de milleiros de traballadores, que eran baluartes de loita. Á constante perda de poder adquisitivo dos salarios, e ao aumento do desemprego e da precariedade laboral refrendados nos últimos convenios colectivos, veuse sumar o efecto das últimas reformas laborais do PSOE e do PP e a actual crise do capitalismo mundial agravada pola pandemia da COVID19. Os ERTEs padecidos durante o ano 2020 supuxeron unha brutal amputación dos ingresos das familias traballadoras.

Nas empresas vívese baixo un auténtico réxime de terror empresarial, no que a patronal exerce o seu poder sen as máscaras democráticas coas que se engalana de portas para fóra. Aquí rexe a lei do patrón: someterse, calar, aceptar as condicións impostas pola empresa, non reclamar dereitos recoñecidos por un convenio xa de por si insuficiente, non dar a cara polos demais compañeiros, renunciar ao complemento de eventualidade, etc... Non vaia ser que sexas o próximo despedido. Non vaia ser que non te volvan chamar ou non te renoven un contrato temporal en fraude de lei. Non vaia ser que cando vaias pedir traballo noutra empresa do sector, o teu nome apareza nunha lista de "elementos indesexables"... A ditadura da patronal é de tal magnitude que en moitas empresas eles designan e amañan a representación legal dos traballadores, eles deciden quen é delegado do persoal.

Nese contexto, a unidade sindical acadada entre CIG, CCOO e UGT, a colocación de "liñas vermellas" na plataforma sindical do convenio e a dinámica de ir a unha crecente mobilización co chamamento á folga, eran pasos na dirección correcta para facer valer a forza dos traballadores unidos, para acadar un convenio de transición de dous anos, e darse o tempo de crear as condicións para unha batalla de maior alcance no seguinte convenio.



Partido Comunista dos Traballadores da Galiza

COMUNICADO

pcte.es

O acordo asinado coa patronal supón consolidar as perdas salariais dos últimos anos, e especialmente as consecuencias dos ERTEs do 2020, firmar por tres anos cando a plataforma común dos sindicatos era por dous, e deixar en mans da patronal o plus de eventualidade ao remate da contratación.

Ao chegaren a este pacto, as organizacións sindicais asinantes, rompen a unidade sindical fraguada nos meses anteriores. Ese pacto debilita obxectivamente a forza da clase obreira no sector, alentando a patronal a incumprir no futuro determinadas cláusulas do convenio sabendo que a unidade obreira está fortemente danada.

Que credibilidade lles queda agora ás organizacións sindicais que chamaron os obreiros á folga colocando "liñas vermellas" e que agora borran esas liñas aceptando o que era presentado como "inaceptable" ou "artimañas da patronal para roubarlle aos traballadores a súa indemnización", que consultaron os seus afiliados para elaborar unha plataforma reivindicativa e agora desconvocan a folga sen consultar os traballadores? Que foi da democracia obreira e do poder de decisión das asembleas de traballadores, principio fundamental do sindicalismo de clase?

Os comunistas sabemos que o escenario que vén non vai ser un camiño de rosas. O capital aproveita cada crise para concentrar máis o seu poder, cada vez máis reaccionario (goberne quen goberne) e para debilitar máis as posicións da clase obreira.

Espéranos unha longa loita para recuperar a combatividade, a organización, a conciencia e a unidade da clase traballadora. Desde o PCTG ratificamos o noso compromiso de seguir traballando con paciencia e sen descanso para construír a organización revolucionaria da clase obreira, en cada centro de traballo e en cada barrio popular, para conquistar un país para a clase obreira.

Organización de Vigo do PCTG
Vigo, 22 de abril 2021.

Como se puede comprobar, su comunicado adolece de autocrítica y de visión revolucionaria, pues se expresan en los mismos términos que lo haría el PCE, que no es más que obviar el carácter traidor y burgués de Comisiones Obreras.

«Qué fue de la democracia obrera y del poder de decisión de las asambleas de trabajadores, principio fundamental del sindicalismo de clase», pregunta el PCTE sin despeinarse lo

más mínimo. Nosotros les respondemos sin ningún pudor: esos valores siguen en pie, pero únicamente en los sindicatos de clase adscritos a la Federación Sindical Mundial. Fuera de eso, reina el oportunismo, reina el izquierdismo; en definitiva, reina la pata izquierda de la burguesía. Sólo así se explica que a la inauguración de la nueva sede de CCOO en Sevilla asistiese el actual presidente de la Junta de Andalucía Juan Manuel Moreno.



Queda patente que ningún revolucionario se podrá mover con total libertad entre las trincheras de las organizaciones de la patronal. Si los comunistas sabemos que las instituciones del Estado burgués son irreformables, ¿por qué habríamos de pensar que CCOO y UGT, que son otra institución capitalista más, pueden reformarse desde dentro?

El PCOE se solidariza con todos aquellos trabajadores que recientemente se han visto afectados por el nuevo convenio del metal, como lo ha hecho otras veces con cada traición del

sindicalismo amarillo. A su vez, saludamos y aplaudimos la valentía de aquellos trabajadores que han tenido el valor de plantar cara en pleno 1º de mayo a quienes se han vendido por un plato de lentejas. El movimiento obrero no tendrá nunca ninguna fuerza si primero no tiene principios y, consecuentemente, consecuencia de clase.

De la misma forma, animamos a todos los trabajadores del Estado español a formar parte de las filas del proyecto sindical Alternativa Sindical de Clase (ASC), el cual sigue la senda de conformar en todo el Estado un único sindicato dedicado a fortalecer a la clase obrera a través de la lucha con su clase antagónica: la burguesía.

¡Muerte al sindicalismo amarillo!

¡Fuera el oportunismo del movimiento obrero!

¡Viva la lucha de la clase obrera!

Secretaría de Movimiento Obrero y de Masas del PCOE en Galicia

Os traballadores de Vigo plantan cara aos vendeobreiros

No pasado 1 de maio, xornada na que os traballadores lembramos que o único que podemos perder son as nosas cadeas, sucedéronse diversas mobilizacións ao redor do Estado español. A pesar de todos os inconvenientes consecuencia da situación de pandemia e do estado de alarma, o PCOE asistiu a cada unha delas, como non pode ser doutra forma, reivindicando á clase obreira como suxeito revolucionario, a diferencia doutras organizacións que entenden o Día Internacional dos Traballadores coma unha festividade.

Naturalmente, a nosa presencia só pode ir acorde aos nosos principios, polo que rexeitamos terminantemente secundar as convocatorias dos sindicatos vendeobreiros coma CCOO e UXT, que nada bo auguran para a nosa clase.

O 19 de outubro de 2018, publicábamos un comunicado titulado *Os despidos de Alcoa ou como beneficiarse das desgracias alleas* que rezaba o seguinte:

"*Por último, e non por iso menos importante, non poderiamos esquecer neste desfile de vergoña, manipuladores e vendeobreiros aos sindicatos do réxime: Comisións Obreiras e Unión Xeral de Traballadores. Desde o PCOE non nos cansamos, nin nos cansaremos, de denunciar as políticas e artimañas antiobreiras que estes dous sindicatos practicaron desde os centros de traballo para enganar ao traballador e afastalo tanto do sindicalismo como da conciencia de clase. Nós non esquecemos dos Pactos da Moncloa, de como evitan o derrogar as continuas reformas laborais e, por mencionar un caso máis recente, de como traizoaron e venderon aos traballadores do sector das TIC asinando un convenio que expón totalmente á clase traballadora para o seu despezamento. Non pode existir, de ningún xeito, sindicalismo de clase baixo o xugo de CCOO e UGT.*"

Pois ben, temos que dicir que como revolucionarios que somos, os nosos militantes na medida do posible asistiron dende entón a todas as mobilizacións sobre Alcoa de CCOO e UXT para levar este discurso ao pobo traballador. Aínda que contándoo non sorprendamos a ninguén, temos que dicir que por esta actitude chegamos a ser ameazados polos propios delegados de Alcoa, acusándonos de querer romper a unidade.

Hoxe coñecemos que CCOO e UXT asinaron, unha vez máis, un

convenio do metal absolutamente lamentable para favorecer á patronal, o cal levou a varias decenas de traballadores a manifestarse en contra dos sindicatos amarelos o 1 de maio en Vigo. Así que por moito conto e moitos fogos artificiais que fagan, o carácter vendeobreiro destes sindicatos sae á luz, de maneira que as mobilizacións que fagan en diferentes empresas só se pode explicar en termos económicos, é dicir: a perda de delegados sindicais e, consecuentemente, a perda de subvención estatal.

Máis aló diso, seríamos uns necios se só vísemos o problema na patronal e en CCOO e UXT, valga a redundancia. No capitalismo é tan culpable o que cala como o que outorga.

É de xustiza proletaria sinalar que sindicatos como a CIG, a pesar de non asinar o convenio, presentaron unidade cos oportunistas, animando aos obreiros a confiar no propio capital. Da mesma maneira, desconvocaron a folga do 22 de abril en favor da negociación, desmobilizando así ao proletariado.

É tamén tarefa dos comunistas sinalar actitude oportunista que tivo o Partido Comunista dos Traballadores de España (PCTE), cuxos militantes na Galiza hanse mofado todo o que quixeron da nosa actividade en ditas manifestacións. Hoxe son eles os que escreben un comunicado en termos absolutamente lamentables, coma se non formasen parte dese xogo para enganar e embaucar á clase obreira.

Partido Comunista dos Traballadores da Galiza

COMUNICADO

pcte.es

Valoración do acordo asinado coa patronal do metal de Pontevedra.

O Partido Comunista dos Traballadores da Galiza valora negativamente o acordo pactado para o Convenio Provincial do Metal de Pontevedra entre a patronal do sector e os sindicatos CCOO e UGT.

Somos conscientes de que a clase obreira no sector do metal de Pontevedra que abrangue máis de 20 mil traballadores da provincia, non está no seu mellor momento en canto a capacidade de mobilización, combatividade e organización de clase. Esa é unha realidade que a patronal coñece e aproveita.

A desfeita do sector naval significou a perda de milleiros de traballadores, que eran baluartes de loita. Á constante perda de poder adquisitivo dos salarios, e ao aumento do desemprego e da precariedade laboral refrendados nos últimos convenios colectivos, veuse sumar o efecto das últimas reformas laborais do PSOE e do PP e a actual crise do capitalismo mundial agravada pola pandemia da COVID19. Os ERTEs padecidos durante o ano 2020 supuxeron unha brutal amputación dos ingresos das familias traballadoras.

Nas empresas vívese baixo un auténtico réxime de terror empresarial, no que a patronal exerce o seu poder sen as máscaras democráticas coas que se engalana de portas para fóra. Aquí rexe a lei do patrón: someterse, calar, aceptar as condicións impostas pola empresa, non reclamar dereitos recoñecidos por un convenio xa de por si insuficiente, non dar a cara polos demais compañeiros, renunciar ao complemento de eventualidade, etc... Non vaia ser que sexas o próximo despedido. Non vaia ser que non te volvan chamar ou non te renoven un contrato temporal en fraude de lei. Non vaia ser que cando vaias pedir traballo noutra empresa do sector, o teu nome apareza nunha lista de "elementos indesexables"... A ditadura da patronal é de tal magnitude que en moitas empresas eles designan e amañan a representación legal dos traballadores, eles deciden quen é delegado do persoal.

Nese contexto, a unidade sindical acadada entre CIG, CCOO e UGT, a colocación de "liñas vermellas" na plataforma sindical do convenio e a dinámica de ir a unha crecente mobilización co chamamento á folga, eran pasos na dirección correcta para facer valer a forza dos traballadores unidos, para acadar un convenio de transición de dous anos, e darse o tempo de crear as condicións para unha batalla de maior alcance no seguinte convenio.



Partido Comunista dos Traballadores da Galiza

COMUNICADO

pcte.es

O acordo asinado coa patronal supón consolidar as perdas salariais dos últimos anos, e especialmente as consecuencias dos ERTEs do 2020, firmar por tres anos cando a plataforma común dos sindicatos era por dous, e deixar en mans da patronal o plus de eventualidade ao remate da contratación.

Ao chegaren a este pacto, as organizacións sindicais asinantes, rompen a unidade sindical fraguada nos meses anteriores. Ese pacto debilita obxectivamente a forza da clase obreira no sector, alentando a patronal a incumprir no futuro determinadas cláusulas do convenio sabendo que a unidade obreira está fortemente danada.

Que credibilidade lles queda agora ás organizacións sindicais que chamaron os obreiros á folga colocando "liñas vermellas" e que agora borran esas liñas aceptando o que era presentado como "inaceptable" ou "artimañas da patronal para roubarlle aos traballadores a súa indemnización", que consultaron os seus afiliados para elaborar unha plataforma reivindicativa e agora desconvocan a folga sen consultar os traballadores? Que foi da democracia obreira e do poder de decisión das asembleas de traballadores, principio fundamental do sindicalismo de clase?

Os comunistas sabemos que o escenario que vén non vai ser un camiño de rosas. O capital aproveita cada crise para concentrar máis o seu poder, cada vez máis reaccionario (goberne quen goberne) e para debilitar máis as posicións da clase obreira.

Espéranos unha longa loita para recuperar a combatividade, a organización, a conciencia e a unidade da clase traballadora. Desde o PCTG ratificamos o noso compromiso de seguir traballando con paciencia e sen descanso para construír a organización revolucionaria da clase obreira, en cada centro de traballo e en cada barrio popular, para conquistar un país para a clase obreira.

Organización de Vigo do PCTG
Vigo, 22 de abril 2021.

Como se pode comprobar, o seu comunicado adoece de autocrítica e de visión revolucionaria, pois se expresan nos mesmos termos nos que o faría o PCE, que non é máis que obviar o carácter traidor e burgués de Comisións Obreiras.

"*Que foi da democracia obreira e do poder de decisión das asambleas de traballadores, principio fundamental do sindicalismo de clase*", pregunta o PCTE sen despeitearse o

máis mínimo. Nos lles respostamos sen ningún pudor: eses valores seguen en pé, pero unicamente nos sindicatos de clase adscritos a Federación Sindical Mundial. Fora diso, reina o oportunismo, reina o esquerdismo; en definitiva, reina a pata esquerda da burguesía. Só así se explica que á nova sede de CCOO en Sevilla asistise o actual presidente da Xunta de Andalucía Juan Manuel Moreno.



Queda patente que ningún revolucionario se poderá mover con total liberdade entre as trincheiras das organizacións da patronal. Se os comunistas sabemos que as institucións do Estado burgués son irreformables, ¿Por que haberíamos de pensar que CCOO e UXT, que son outra institución capitalista máis, poden reformarse dende dentro?

O PCOE solidarízase con todos aqueles traballadores que recentemente se viron afectados polo novo convenio do metal, como o ten feito outras veces con cada traizón do sindicalismo amarelo. Á súa vez, saudamos e aplaudimos a valentía de

aqueles traballadores que tiveron o valor de plantar cara en pleno 1º de maio a quen se vendeu por un prato de lentellas. O movemento obreiro non terá nunca ningunha forza se primeiro non ten principios e, consecuentemente, consecuencia de clase.

Da mesma maneira, animamos a todos os traballadores do Estado español a formar parte das filas do proxecto sindical Alternativa Sindical de Clase (ASC), o cal segue a senda de conformar en todo o Estado un único sindicato dedicado a fortalecer á clase obreira a través da loita coa súa clase antagónica: a burguesía.

Morte ao sindicalismo amarelo!

Fora o oportunismo do movemento obreiro!

Viva a loita da clase obreira!

Secretaría de Movemento Obreiro e de Masas do PCOE en Galiza